

Comunicación co medio

104

Percepción

Os obxectos teñen unhas características propias que os definen (*características "obxectivas"*) independentemente de quen sexa o observador. A imaxe que recibimos ó ver os obxectos varía porque ás formas obxectivas das cousas engadímoslles a nosa visión particular, os nosos sonhos, as nosas preferencias estéticas, etc. O resultado deste proceso é unha *imaxe subxectiva* do obxecto que non coincide exactamente e que é diferente para cada unha das persoas.

Forma, textura e cor

Todo o que nos rodea está formado visualmente por *forma, textura e cor*. Estas tres cualidades aportannos a información necesaria para coñecer con exactitude como é o que vemos. É preciso aprender a distinguir e recoñecer os matices da cor, as diferencias entre as formas e os cambios nas texturas.

Códigos naturais

Na natureza, o feito de que dúas follas teñan distinta textura, aínda que coincidan na forma e cor, pode significar que proceden de especies de plantas diferentes. As flores utilizan a cor como reclamo para atraer ós insectos e incluso hai animais que tratan de disimular a súa forma tomando o aspecto do lugar onde se encontran. Na realidade, as especies que habitan a terra empregan a súa forma, textura e cor para relacionarse co seu entorno, ben para atraer a outras especies, defenderse delas ou pasar desapercibidas.

Comunicación

O home, como animal social, vive formando grupos con outros membros da súa mesma especie e esta fórmula de supervivencia favoreceu a súa imperiosa necesidade de transmitir mensaxes de todo tipo entre uns e outros. A este fenómeno denomínaselle "*comunicación*" e para que poda darse necesita dun *emisor* (persoa que lanza a mensaxe), un *medio* (soporte físico no que a mensaxe recóllese, como o son ou a imaxe), unha *linguaxe* (conxunto de elementos cun significado que é coñecido: idioma, solfeo, gráfico, etc) e un *recep-*

tor (persoa que recibe a mensaxe). É evidente que para que o fenómeno da comunicación sexa unha realidade, os códigos da linguaxe empregados polo emisor e receptor teñen que ser os mesmos. Se falamos idiomas distintos, non poderemos entendernos.

Aínda que basicamente desenrolásemos catro tipos de linguaxes, na práctica diaria utilizámoslos mixturados, sendo as máis das veces unhas reforzo doutras.

* **Verbal.** Emprega sons artellados e a súa equivalente escrita por medio de signos. As letras proceden de debuxos que representaban cousas e que ó longo do tempo foron simplificándose ata converterse no que hoxe coñecemos como alfabeto.

* **Xestual.** É quizais a máis antiga e polo tanto, a máis universal. Todos os seres vivos empregan linguaxes baseadas no xesto.

* **Musical.** É o medio de expresión a través da combinación harmónica dos sons e a súa ordenación no tempo.

* **Plástico.** O termo plástico empregase estritamente para definir a un material que pode ser modificado na súa forma pola acción do home, aínda que a linguaxe plástica e visual refírese á utilización da imaxe como medio de expresión.

Mensaxes que poden transmitirse a través da linguaxe plástica:

* **De representación.** Ó receptor lle será máis sinxelo entendelo na medida na que a imaxe se pareza máis a un modelo real coñecido.

* **Simbólicos.** Dase cando a visión de figuras ou signos suxírenos algo sin representalo explicitamente ou cando hai un acordo previo en canto o seu significado.

* **Abstractos.** Cando non partimos da reprodución real das cousas senón que tratamos de empregar as cualidades expresivas da forma, textura e cor.

Linguaxes

Verbal

Xestual

Musical

Plástico

Menxases

De representación

Simbólicos

Abstractos